

<b>Comunidade Autónoma / Departamento / Estado</b>	GALICIA
<b>Municipio</b>	MOECHE
<b>Edificio</b>	Capela de San Xiao dos Ósos
<b>Dirección</b>	Lugar de San Xiao de Arriba, s/n. Labacengos (Santa María). 15564
	43.580551 -7.935210
<b>Protección</b>	
<b>Descrición</b>	<p>Pequena capela de longa tradición, que testemuña a existencia dun vello camiño a San Andrés, agora en desuso. Exteriormente debemos falar dunha sobriedade imposta pola pobre obra de mantemento de 1973, na que desapareceron practicamente todos os ornamentos exteriores, a excepción do motivo heráldico do mosteiro de Oseira da fachada traseira, gran propietario na zona da parroquia de Labacengos ata o século XIX. Consta dunha fachada principal dividida en tres corpos por dúas franxas que ascenden para dar lugar a base da espadana de cemento, e dun tellado a dúas augas de uralita. No interior, o espazo divídese en dúas estancias, atopando na primeira dous sartegos medievais que flanquean a entrada, conservada da obra do século XVIII, á segunda estancia, na que atopamos un retablo propio do barroco final tamén do XVIII, no que destaca a variedade estatuaría de gran calidade.</p> <p>Dise que alí acoden cada maio os enfermos dos ósos para someterse ao ritual dos sartegos que lles pode dar alivio. Consiste en que os doentes se deiten nalgún dos dous sartegos antropomorfos de época baixomedieval que se conservan no interior da capela, cerimonia que se debe completar coas ofrendas e misas correspondentes.</p> <p>Cóntase que o ritual xa se practica desde o século XV, aínda que a capela pode ter orixe no XVIII e foi horriblemente reformada na segunda metade do século XX.</p>
<b>Campás</b>	1 campá.
<b>Fotos</b>	1
<b>Toques actuais de campás</b>	
<b>Conservación, mantemento</b>	
<b>Propostas</b>	
<b>Autors da documentación</b>	www.turismo.gal (Xunta de Galicia)
<b>Data</b>	06-08-2025

## Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Espadana	<u>Única.</u>	<u>BLANCO, EMILIO (XUBIA)</u>	1878	50	72

Información completa: [Capela de San Xiao dos Ósos - MOECHE \(GALICIA\)](#)

